

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 26 de decembro de 2024, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de duascentas cincuenta (250) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2025/26 nunha universidade pública galega (código de procedemento PR911A).

Advertidos erros na citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 14, do 22 de xaneiro de 2025, cómpre facer as seguintes correccións:

– Na páxina 6158, no artigo 9, letra h.1).

Onde di:

«De figurar neste certificado materias aprobadas por recoñecemento, validación, transferencia, equiparación, homologación ou equivalencia sen cualificación terán que presentar a certificación coas cualificacións das materias superadas en orixe para a súa valoración».

Debe dicir:

«De figuraren neste certificado materias aprobadas por recoñecemento, validación, transferencia, equiparación, homologación ou equivalencia sen cualificación, terán que presentar a certificación coas cualificacións das materias superadas en orixe para a súa valoración. No caso de que non se presente a devandita certificación, estas materias serán consideradas coa cualificación literal de aprobado e a cualificación mínima de 5».

– Na páxina 6177, anexo I, na penúltima fila.

Onde di:

«Visión por Computador	A Coruña	Santiago		90»
------------------------	----------	----------	--	-----

Debe dicir:

«Visión por computador	A Coruña	Santiago	Vigo	90»
------------------------	----------	----------	------	-----

